


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

19 – 20 de decembro do 2020

IV DO TEMPO DO ADVENTO



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Que veña Deus á nosa terra*

*Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para celebrar a fe en familia e na espera de Xesús que ven a nós. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Fixemos este camiño do Advento nestas circunstancias difíciles para todos tratando de prepararnos para o misterio que vai acontecer nuns días.

O noso camiñar tivo como guía a Xoán o Bautista nestas semanas pasadas, pero hoxe temos outro modelo: Santa María, a nai de Xesús, nai da Igrexa e nai nosa. Ela neste tempo de boa esperanza vai a ensinarnos a **esperar** e a **acoller** como fixo ela co Neno Deus. Recordades que nos pon o calendario da casa para esta semana?.

**Esperar** é abrir o corazón para saber que El xa está no medio de nós traendo a paz e a alegría.

**Acoller** é recoñecelo naqueles que son os seus “pequenos”, os que sofren, os que están sos, os que non teñen a ninguén.

Esperemos en Deus. Acollamos a Deus. E sexamos testemuñas vivindo con responsabilidade estes días de encontro e solidariedade.

## ACENDIDO DA VELA DO ADVENTO

*(Para esta parte da celebración imos necesitar catro velas (xa tres acendidas), como signo das catro semanas que dura o advento.*

**Celebrante:** *Pouco a pouco estamos atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais. Imos avanzando no tempo destas catro semanas.*

**CANTO** 🎵 *Que veña a luz ...*

### Monitor/a

Na primeira semana do advento se nos dicía “**estade atentos**”, e acendíamos a luz porque ás veces na vida só nos deixamos ir, e as rutinas afogan o noso día a día.

Na segunda semana era luz para “**poñernos en camiño**” porque ás veces na vida pódenos a comodidade.

Na semana pasada era luz para “**buscar e confiar**” no encontro co Neno Deus. Necesítamolo porque moitas veces a nosa vida rodéase de pesimismo.

Hoxe queremos luz para **ESPERAR E ACOLLER** porque ás veces todo vai con demasiadas presas, o tempo non chega, todo se nos enche de estrés.

Para **ESPERAR E ACOLLER** acendemos agora a última vela da coroa do advento.

*E acéndese unha das catro velas, mentres se canta*

**CANTO** 🎵 *Que medre a luz ...*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante** *Rematamos coa oración na que expresamos o nosa alegría polo coñecemento da encarnación de Xesús que nos mostra o camiño da xustiza e da paz.*

*(silenzo)*

Deus, noso Pai,  
enche coa túa graza os nosos corazóns.  
Polo anuncio do anxo  
déchesnos a coñecer a encarnación do teu Fillo.  
Lévanos polo seu evanxeo e pola súa vida  
á gloria do seu Reino de xustiza e paz.  
Pedímoscho por Xesucristo, que por Santa María  
se achega a nós e vive e reina  
por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

*(sentad@s)*

### Monitor/a:

*Esperar e acoller foi o que fixo Santa María neste tempo de Advento e Nadal. Ela foi quen de dicir:*

*“Aquí estou, fágase en min a túa vontade”.*

*Imitémola nestes días e acollamos tamén a vontade de Deus na nosa vida.*

## LECTURA DO LIBRO SEGUNDO DE SAMUEL

Instalado o rei David na súa casa, e como o Señor lle dera a paz cos seus inimigos do arredor, díxolle el ao profeta Natán: -"Repara que eu estou instalado nunha casa de cedro, mentres a arca do Señor habita nunha tenda".

Natán respondeulle ao rei: -"Todo o que tes no corazón, anda e faino, pois o Señor está contigo".

Pero aquela mesma noite veulle a Natán esta palabra do Señor: -"Vai e dille ao meu servo David que isto di o Señor: ¿vasme edificar unha casa para que eu habite nela?"

Eu saqueite das mandas, de detrás dos rabaños, para que foses o xefe do meu pobo Israel. Estiven contigo en todo o que emprendiches e arredei os teus inimigos diante de ti. E dareiche un nome tan grande coma o dos grandes da terra.

Eu fixarei tamén un posto para o meu pobo Israel. Eu plantareino e el vivirá alí sen sobressaltos. Non volverán asoballalo os fillos da iniquidade, como fixeron á primeira, no tempo en que puxen xuíces sobre o meu pobo Israel. Dareiche o repouso de todos os inimigos e, por parte, o Señor anúnciache que che dará unha dinastía. Cando se cumpran os teus días e vaias durmir con teus pais, eu establecerei despois de ti un teu descendente, nado das túas entrañas, e farei firme o seu reino.

Eu serei para el un pai e el será para min un fillo.

A túa familia e o teu reino permanecerán na miña presenza para sempre, o teu trono manterase firme eternamente".

## Palabra do Señor

♪ **Andarei na presenza do Señor**

SALMO

(en pé) *Leccionario II B páx 14* Lc 1,26-38 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Deus mandou o anxo Gabriel a unha vila chamada Nazaret, onde unha mociña prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María.

Entrando onde estaba ela, díxolle:

- Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo.

Ela turbouse con estas palabras, cavilando no que podería significar o saúdo aquel. O anxo continuou:

- Non teñas medo, María, porque ti atopaches graza ante Deus; e, fíxate, vas concibir no teu ventre e darás á luz un fillo, ao que lle poñerás de nome Xesús. Será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; reinará por sempre na casa de Xacobe, e o seu reinado non terá fin.

María respondeulle ao anxo:

- E como pode ser isto, pois eu son virxe?

O anxo replicoulle:

- O Espírito Santo baixará sobre ti e o poder do Altísimo cubrirete coa súa sombra; por iso o que vai nacer de ti será santo e chamarase Fillo de Deus. Aí tes a túa curmá Isabel, que concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaban estéril, que para Deus non hai imposibles.


María contestou:

-Velaquí a escrava do Señor: cúmprase en min o que dixeches.

E o anxo marchou de onda ela.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé)

### PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** *Queremos esperar e acoller a túa Palabra, Señor, como fixo María, e prepararnos para facerlle sitio a Xesús que xa chega e quere compartir a nosa vida, e por iso dicimos:*

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

#### *Monitor/a*

*Credes en Deus Pai, que acompaña os nosos camiños na procura dunha nova humanidade na que todos nos sintamos irmáns?*

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes en Xesús, que se achega a todos nós e que convida a ser coherentes no evanxeo facéndoo vida sendo conscientes, sen presas nin agobios?*

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes no Espírito de Deus que nos alenta a compartir descubríndoo en toda persoa, e máis nas que están rodeadas de miseria?*

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes na igrexa, comunidade, terra e nai na que o Señor fai saír os gromos da paz e fai brotar as sementeiras do Nadal?*

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Oremos ao Señor, noso Deus, en quen esperamos e a quen queremos acoller na nosa vida.*

*Dicimos:*

### Visita ao teu pobo, Señor

#### Monitor/a

✓ Rezamos para que colaboremos con Deus na súa intención de facer unha igrexa máis dada ao humilde e aos humildes. Recemos

✓ Rezamos para que colaboremos con Deus no seu desexo de que os pobres sexan tidos en conta, amados e servidos, e nós sexamos as mans de Deus para eles. Recemos

✓ Rezamos para que colaboremos con Deus en apreciar, respectar e axudar a todas as nais e pais novos que hai no medio de nós. Recemos

✓ Rezamos polas persoas que por unhas ou outras razóns non van ter un bo Nadal. Recemos

✓ Rezamos polos enfermos, e os que están a sufrir as consecuencias económicas da pandemia, para que teñan o noso apoio e axuda responsable. Recemos

**Celebrante:** *Escóitanos, Señor, pois necesitamos de Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Deus camiña cerca. Cerca de quen é capaz de amosar a tenrura de ser nai, cerca de quen é coherente para facer aquilo que di, cerca de quen está convencido cando reza dicindo “fágase a túa vontade”. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos dicirlle*

*NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *Xesús no Nadal trae a paz. El é o Deus da Paz. Que El nos alente a transmitir esa paz e esa paciencia nestes momentos de pandemia e dificultade, sendo coidadosos con nós, con todos e con todo.*

### NON COMULGAMOS

### PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

**Celebrante:** *Rezar hoxe é compartir todo o que Deus nos agasalla, é esperalo e acollelo no Neno que nos nace no Nadal.*

*Ditosos nós que hoxe somos convidados a ser crentes e cribles. Somos familia que espera e confía no NADAL.*

🎵 **Acharte presente na vida**

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

#### **Celebrante:**

Señor, pedimos que volvas para nós  
os teus ollos compasivos.

Fai que o noso compartir de cada día  
nos achegue a celebrar dignamente  
as vindeiras festas do Nadal coa mesma ilusión  
e esperanza que mostrou Santa María.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas  
por sempre eternamente. Amén


*Esperar NADAL é saber que Deus confía en nós e quere  
pórse nas nosas mans.*

*Esperar NADAL é rezar hoxe con palabras que nos  
sigan dando azos para poñer ilusións renovadas nas  
nosas vidas tantas veces cheas de presa e estrés.*

*Esperar NADAL é non virar as costas ás persoas  
cansas no camiño. É esforzarse por dar unha man e  
deixarse dar unha man nun mundo en igualdade.*

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***

## NÓS CONTAMOS CON DEUS



## E DEUS CONTA CON NÓS



**“O Señor está contigo. Non teñas medo”**

*Palabras do evanxeo de hoxe.*